

EXTRACTO da Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia para financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI449B e SI436C).

BDNS (identif.): 000000.

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Solicitud individual: poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as asociacións de nais e pais de alumnado (ANPA) dos centros educativos sostidos con fondos públicos que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
2. Solicitud conxunta: tamén poderán ser entidades beneficiarias as federacións e confederacións de asociacións de nais e pais e a solicitude de dúas ou máis ANPA que se agrupen para solicitar e xestionar conxuntamente as actuacións obxecto desta convocatoria e que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrência competitiva ás asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) legalmente constituídas e ás federacións ou confederacións de ANPA dos centros educativos sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para realizar as seguintes liñas de actuación:

a) Actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, dirixidas ao alumnado de centros educativos non universitarios, ás familias, ás ANPA e á comunidade educativa, en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI449B, capítulo II da resolución).

b) Actuacións orientadas a facilitar a corresponsabilidade nas familias con fillas e fillos de ata 16 anos inclusive, mediante a creación de bolsas de coidado profesional e a creación de emprego de calidade no ámbito dos coidados, así como os plans de formación e sensibilización en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes, en desenvolvemento do Plan Corresponsables (código de procedemento SI436C, capítulo III da resolución).

É compatible a solicitude de axuda en ambas as liñas de actuación. Así mesmo, son compatibles as solicitudes por parte dunha asociación de nais e pais coa pertenza a unha federación ou confederación que, así mesmo, solicite a subvención. Cada entidade ou agrupación de ANPA só poderá presentar unha solicitude de axuda en cada procedemento, na cal poderán incluír unha ou varias das tipoloxías de acción establecidas para cada un.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións ás asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia para financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI449B e SI436C).

Cuarto. Importe

1. Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de novecentos mil euros (950.000 €) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Procedemento	Aplicación	Proxecto	Importe
SI449B	13.20.313D.481.2	2018 00112	400.000 €
SI436C	13.20.312G.481.3	2021 00175	550.000 €

2. Actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI449B): a contía máxima da axuda que se pode conceder ao abeiro desta liña é de 3.000 € para as solicitudes de asociacións de nais e pais que se presenten de xeito individual e de 6.000 € para as solicitudes de federacións ou confederacións de ANPA.

3. Plan Corresponsables (código de procedemento SI436C): a contía máxima da axuda por entidade será de 20.000,00 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023

Sandra Vázquez Domínguez
Secretaría xeral da Igualdade